

Carta aberta ao Sr. D. Antonio María Rouco Varela, presidente da Conferencia Episcopal española

Sr. D. Antonio María Rouco Varela.

Presidente da Conferencia Episcopal Española

Madrid

Prezado amigo:

Deixo pasar un tempo despois da visita a Santiago do Papa , para solicitarlle que faga chegar a Bieito XVI algunhas reflexións sobre o que manifestou nesta viaxe; “En España ha nacido también una laicidad, un anticlericalismo, un secularismo fuerte y agresivo como hemos visto precisamente en los años 30”.

A situación actual non ten nada que ver, afortunadamente, coa de 1936, cando houbo un levantamento militar e fascista contra a legalidade constitucional da II República, forma de Estado elixida democráticamente polo pobo.

Vostede debería saber, e tamén o Papa, que a xerarquía da igrexa católica bendeceu esa sublevación miliar, que foi cualificada polos bispos como “Cruzada Santa y justa por la Religión”, participando, en moitos casos, na represión. O cardeal Gomá sostiña, daquela, que esa sublevación foi providencial e así llo fixo chegar a Eugenio Pacelli, secretario de Estado do Vaticano, que despois foi elixido Papa co nome de Pío XII. Pacelli asinou un Concordato

con Hitler e despois, como Pío XII, asinou o Concordato con Franco en 1953. Por outra parte, o cardeal Gomá, arcebispo de Toledo e Primado de España, animaba ao uso das armas: “No es posible otra pacificación que por las armas, es conveniente extirpar toda la podredumbre de la legislación laica”.

A Dictadura de Franco foi cualificada pola ONU como un réxime criminal, ao mesmo nivel que os de Hitler e Mussolini. Nas moedas daquela época figuraba: “Francisco Franco, Caudillo de España por la gracia de Dios”, e cando morre, Carlos Arias Navarro presenta ao ditador como “Hijo fiel de la Iglesia”.

Franco entraba baixo palio nas igrexas, acompañado dunha xerarquía católica que facía o saúdo fascista. No funeral, o 23 de novembro de 1975, despois da morte do ditador, o cardeal Primado de España e arcebispo de Toledo, Marcelo González Martín, falaba da “civilización cristina a la que quiso servir Franco”. Está documentada a participación de numerosas relixiosas e relixiosos católicos no roubo de miles de nenas e nenos aos seus pais polo franquismo.

Esta participación da igrexa católica na represión xa está a recibir a condena de amplos sectores da sociedade, así como de distintas institucións. Así, o Pleno do Parlamento de Navarra de 10 de marzo de 2003, presidido polo socialista José Luis Castejón Garúes, aprobaba unha lembranza, recoñecemento e reparación moral das persoas fusiladas e represaliadas (máis de 3.000 en Navarra) pola súa afinidade coa República ou, simplemente, polas súas ideas. Esta solemne declaración do Parlamento navarro lembraba que “Estos actos criminales se llevaron a cabo no sólo con el beneplácito de la jerarquía eclesiástica de la Iglesia Católica, manifestada públicamente a favor del llamado ‘Alzamiento’, sino en algunos casos con su participación directa”.

Respecto ao tema da laicidade, non hai que consideralo como negativo. Segundo a Constitución, vivimos nun Estado aconfesional e unha boa parte da sociedade está a favor dun Estado laico. As *Redes Cristianas*, desde a súa dobre pertenza á comunidade cristiá-católica e á sociedade civil, lanzaban e setembro de 2008 o

*Manifes
to pola Laicidade*

, onde avogaban por un “Estado laico que supere o actual confesionalismo encuberto e por unha Igrexa inspirada só polo Evanxeo e non sometida a ningunha tutela do Estado”. Entenden a laicidade como a “autonomía do Estado respecto de calquera maxisterio relixioso ou cosmovisión filosófica que pretenda impoñerse como a única verdadeira. Desde esta postura: Denunciamos os Acordos de 1979 do Estado Español coa Santa Sé. Apostamos por unha laicidade plena que recoñeza a autonomía do político e civil respecto ao relixioso e

camiñe cara á separación definitiva da Igrexa e o Estado. Avogamos por un Pacto pola Laicidade, que regule a presenza e as actuacións dos poderes públicos nas ceremonias relixiosas e das xerarquías relixiosas nos actos políticos, suprimindo os símbolos relixiosos no espazo público civil. Denunciamos o clericalismo e a discriminación por razóns de xénero e orientación sexual, aínda presentes na Igrexa católica e outras confesións. Defendemos unha laicidade escolar e denunciamos a actual presenza da relixión confesional católica no sistema educativo e na escola pública e concertada. Denunciamos o actual sistema de financiamento da Igrexa católica polo Estado español. Denunciamos as presións da xerarquía católica para impoñer a súa moral sobre a ética pública”.

Durante o ano 2011 a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica (CRMH) vai facer un esforzo especial para lembrar e homenaxear ás persoas que foron asasinadas polo franquismo e que aínda non recibiron unha sepultura digna porque están en varias fosas do concello de Aranga (A Coruña). Este conxunto de fosas, o máis importante de Galicia, pode albergar a máis de 80 persoas, segundo os investigadores. É hora de que a Igrexa Católica pida públicamente perdón pola súa participación nestes crimes contra a humanidade e polo seu gravísimo pecado de soste durante anos a unha ditadura fascista.

Queda vostede invitado a visitar estas fosas e a participar nos actos que vai organizar a CRMH. Sen dúbida algunha a súa presenza sería un acto de reconciliación coas vítimas do franquismo -en Galiza houbo máis de 5.000 asasinatos- e un cambio de rumbo na actitude da xerarquía da Igrexa Católica